

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011634	Politécnico de Vigo	Vigo	2023 - 2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
PRP	Mantemento e servizos á produción	CSEOC01	Prevención de Riscos Profesionais	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
CS0592	Riscos Derivados das Condicións de Seguridade	2023 - 2024			

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	David Saez Sanz
Outro profesorado	

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe (RA) do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
Aplicar as diferentes técnicas de análise de riscos, presentes nas actividades profesionais, identificando riscos, perigos e propoñendo medidas preventivas e correctivas.
Elaborar propostas de plans de seguridade como consecuencia das inspeccións de seguridade e analizar os accidentes.
Analizar os sistemas de aprovisionamento, conservación e utilización de equipos de protección individual (EPIs) e da sinalización dos lugares de traballo.
Desenrolar procedementos de traballo adecuados a situacións de especial perigosidade
Realizar rexistros das operacións de mantemento de máquinas e equipos
Analizar os Riscos e Medidas de Prevención e Protección en sectores fundamentais: Mecánicos, Industriais, Eléctricos, Construción, Traballos en Altura.

2.1.2. Criterios de avaliación (CA) que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
Identificar os posibles perigos nos locais de traballo, equipos, instalacións, máquinas, útiles, sustancias, preparados e métodos de traballo mediante aplicación de técnicas de análise de riscos.
Clasificar os perigos e ordear os riscos pola súa perigosidade.
Atopar as posibles causas de accidentes e incidentes utilizando metodoloxía de investigación de accidentes.
Aplicar métodos para valorar os perigos das condicións de seguridade dunha actividade e para estimar os riscos debidos ás condicións de seguridade.
Indicar a sinalización adecuada respecto aos diferentes riscos derivados das condicións de seguridade.
Para diferentes procesos industriais e postos de traballo establecer as condicións seguras de métodos e equipos de traballo, seleccionar as medidas preventivas de eliminación ou redución dos riscos, propoñer equipos de protección colectiva ou individual, valorar as situacións de risco.

Criterios de avaliación do currículo

EPIs: Clasificar, Coñecer, Saber as súas normas de mantemento, Planificar, Analizar as súas normas, Identificar usos incorrectos.

Clasificar actividades de especial perigosidade relacionándoas cós seus sectores produtivos.

Elaborar procedementos de actuación segura en diferentes traballos como: Procesos Industriais, Mecánicos, En alturas, Eléctricos, Construcción.

Indicar pasos a seguir e procedementos seguros no mantemento de equipos industriais e/ou traballos de mantemento en xeral. Crear e cumprimentar fichas e/ou rexistros de mantemento seguros.

Valorar a incidencia do risco eléctrico nos traballos en xeral e nos de mantemento en particular.

Identificar, Coñecer e Crear Lugares de Traballo seguros utilizando as normativas.

Sinalizar correctamente e segundo as normativas os lugares de traballo dende o punto de vista da seguridade, dependendo da súa actividade e características.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
Aplicar as diferentes técnicas de análise de riscos, presentes nas actividades profesionais, identificando riscos, perigos e propoñendo medidas preventivas e correctivas.
Elaborar propostas de plans de seguridade como consecuencia das inspeccións de seguridade e analizar os accidentes.
Analizar os sistemas de aprovisionamento, conservación e utilización de equipos de protección individual (EPIs) e da sinalización dos lugares de traballo.
Desenrolar procedementos de traballo adecuados a situacións de especial perigosidade
Realizar rexistros das operacións de mantemento de máquinas e equipos
Analizar os Riscos e Medidas de Prevención e Protección en sectores fundamentais: Mecánicos, Industriais, Eléctricos, Construción, Traballo en Altura.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
Identificar os posibles perigos nos locais de traballo, equipos, instalacións, máquinas, útiles, sustancias, preparados e métodos de traballo mediante aplicación de técnicas de análise de riscos.
Clasificar os perigos e ordear os riscos pola súa perigosidade.
Atopar as posibles causas de accidentes e incidentes utilizando metodoloxía de investigación de accidentes.
Aplicar métodos para valorar os perigos das condicións de seguridade dunha actividade e para estimar os riscos debidos ás condicións de seguridade.
Indicar a sinalización adecuada respecto aos diferentes riscos derivados das condicións de seguridade.
Para diferentes procesos industriais e postos de traballo establecer as condicións seguras de métodos e equipos de traballo, seleccionar as medidas preventivas de eliminación ou redución dos riscos, propoñer equipos de protección colectiva ou individual, valorar as situacións de risco.

Criterios de avaliación do currículo

EPIs: Clasificar, Coñecer, Saber as súas normas de mantemento, Planificar, Analizar as súas normas, Identificar usos incorrectos.

Clasificar actividades de especial perigosidade relacionándoas cós seus sectores produtivos.

Elaborar procedementos de actuación segura en diferentes traballos como: Procesos Industriais, Mecánicos, En alturas, Eléctricos, Construcción.

Indicar pasos a seguir e procedementos seguros no mantemento de equipos industriais e/ou traballos de mantemento en xeral. Crear e cumprimentar fichas e/ou rexistros de mantemento seguros.

Valorar a incidencia do risco eléctrico nos traballos en xeral e nos de mantemento en particular.

Identificar, Coñecer e Crear Lugares de Traballo seguros utilizando as normativas.

Sinalizar correctamente e segundo as normativas os lugares de traballo dende o punto de vista da seguridade, dependendo da súa actividade e características.

3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

3.1 Como criterio xeral de cualificación establécese que se considera acadado un determinado resultado de aprendizaxe (RA) cando, aplicando os criterios de avaliación (CA) sobre os bloques de contidos (BC), a resposta do aspirante sexa avaliada positivamente nos seus aspectos conceptual e procedimental e cumprindo a totalidade dos requisitos requiridos nas probas.

BLOQUES DE CONTIDOS (BC)

Os mínimos exigibles serán os seguintes:

- Identificar os posibles perigos nos locais de traballo, equipos, instalacións, máquinas, útiles, sustancias, preparados e métodos de traballo mediante a aplicación de técnicas analíticas de riscos.
- Clasificar os perigos de acordo á normativa legal e aos aspectos técnicos, e ordenar os riscos de maior a menor perigo.
- Inferir as posibles causas de accidentes e incidentes ocasionados no ámbito laboral seguindo a metodoloxía establecida para a investigación de accidentes.
- Aplicar métodos cualitativos, de análise documental, estatístico e directo, para valorar os perigos das condicións de seguridade nunha actividade.
- Aplicar métodos probabilísticos para realizar unha análise cuantitativa estimando os riscos debidos ás condicións de seguridade.
- Citar os principios xerais da prevención na priorización de accións preventivas.
- Nun suposto práctico de inspección de seguridade, determinar a información e recursos necesarios en:
 - A planificación da inspección.
 - A execución da inspección.
 - A explotación dos resultados.
- Interpretar resultados da comparación das análises de riscos cos valores dados pola normativa vixente e/o con criterios de referencia establecidos.
- Indicar a sinalización adecuada respecto a os diferentes riscos derivados das condicións de seguridade.
- Nun suposto práctico de plan de seguridade, propoñer un plan de acción fronte aos riscos detectados que contemple:
 - Establecer as condicións seguras de métodos e equipos de traballo.
 - Seleccionar as medidas preventivas de eliminación ou redución dos riscos evitando xerar outros riscos.
 - Propoñer os equipos de protección colectiva e persoal fronte a riscos que non poden ser eliminados.
 - Valorar posibles situacións de risco resultantes de cambios nos procesos de traballo, instalacións, máquinas, equipos, sustancias, preparados etc.
- Clasificalos con relación aos perigos dos que protexen.
- Describir as súas características e as limitacións no seu uso.
- Resumir as súas normas de mantemento.
- Planificar o seu almacenamento, conservación e reposición.
- Analizar as súas normas de certificación e uso.
- Identificar os usos incorrectos.
- Analizar a lexislación vixente na manipulación de produtos químicos e o risco químico na actividade.
- Relacionar as frases de risco (frases R) e consellos de prudencia (frases S), e os pictogramas cos perigos das condicións de seguridade.
- Indicar as condicións de almacenamento de sustancias e preparados perigosos.
- Clasificar as diferentes actividades de especial perigo relacionándoas cos sectores produtivos.
- Elaborar procedementos de actuación segura en:
 - Traballos en altura.
 - Traballos en recintos confinados.
 - Transvasamento de líquidos inflamables.
 - Soldadura en presenza de produtos inflamables.
- Enunciar os criterios que permitan verificar que as operacións se realizan conforme a procedementos seguros.



BLOQUES DE CONTIDOS (BC) – Continuación:

- Indicar os pasos para seguir no mantemento dos sistemas de prevención e alarma seguindo a normativa aplicable.
- Cumprimentar fichas e/ou rexistros relativos ao mantemento dos sistemas de protección e loita contra incendios seguindo a normativa aplicable.
- Describir os equipos para producir redes de auga:
 - Bomba contra incendios.
 - Redes de distribución.
 - Bocas contra incendios.
 - Mangueiras contra incendios.
- Describir o funcionamento e enumerar os elementos dun sistema automático de rociadores, detección de incendios e alarma.
- Describir o funcionamento e mantemento dunha estación fixa, que usa como elemento extintor:
 - Gas CO2.
 - Gas halón: Almacenamento centralizado e modular.
 - Escuma física e química.
 - Po seco, polivalente e especial.
- Realizar a revisión e verificar o estado de carga de extintores portátiles de po seco, gas inerte e escumas.
- Valorar a incidencia do risco eléctrico nas operacións de mantemento.
- Seleccionar os datos relevantes para cumprimentar fichas e/o rexistros relativos ao mantemento de máquinas e equipos segundo normativa.



3.2 CRITERIOS XERAIS DE CUALIFICACIÓN

- É unha proba de dúas partes (1 teórica e 1 práctica).
- Cada unha delas ten carácter eliminatorio e cualificarase de cero a dez puntos e é preciso un mínimo de cinco puntos para pasar a seguinte fase e facer media.
- A cualificación final obtida por cada aspirante será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros e redondeada á unidade máis próxima.
- Dado o carácter eliminatorio das partes, o/a alumno/a que obteña una cualificación inferior a 5 nalgunha das dúas partes non poderá obter unha nota superior a 4 na media final.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

- Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.
- O profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. Finalizada esta primeira parte da proba, as comisións de avaliación exporán a puntuación obtida polas persoas aspirantes no taboleiro de anuncios do centro onde se realizou.
- Consistirá nunha proba escrita con preguntas elaboradas a partires dos contidos do módulo e tendo en conta os resultados de aprendizaxe cuxa adquisición será motivo de avaliación, facilitada ó alumnado nun documento impreso que non poderá ser desgrapado nin incorporar ó mesmo documentos alleos o proceso.
- Para a realización da proba será necesario o uso de bolígrafo azul ou negro e calculadora.
- Non se permitirá o uso de móbiles nin de ningún outro dispositivo electrónico.
- Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado, enriba da mesa.
- Non se permitirá o acceso á proba unha vez finalizado o proceso de chamamento público do/a alumno/a.



4.b) Segunda parte da proba

- As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio.
- A segunda parte da proba consistirá no desenvolvemento dun ou varios supostos prácticos e/ou unha ou varias prácticas con equipamento, que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.
- O profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte. Finalizada esta segunda parte da proba, as comisións de avaliación exporán as puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios do centro onde se realizou.
- O alumnado só terá que traer DNI, bolígrafo e calculadora non programable.
- Poderá excluírse de calquera parte da proba as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto das persoas ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.
- Non se permitirá o uso de móbiles nin de ningún outro dispositivo electrónico.
- Non se permitirá o acceso á proba unha vez finalizado o proceso de chamamento público do/a alumno/a.

En Vigo a 7 de Maio de 2024

O docente: David Saez Sanz